

Radiofusion - A programación das Radios Municipais Galegas

Escritores, editores e libeiros suman forzas para darlle relevo ao libro galego

Santiago de Compostela
Sábado 14 de maio
Teatro Principal

CONVOCAN:

- Asociación de Escritores e Editoras
- librerías de Galicia
- Asociación Galega de Editores

CO APOIO DE:

- CEDRO
- XUNTA DE GALICIA
- Deputación da Coruña

A I Gala do Libro Galego celébrase este sábado

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Federación de Librerías de Galicia e a Asociación Galega de Editores celebran este sábado **14 de maio** a I Gala do Libro Galego.

Será no **Teatro Principal de Santiago de Compostela** a partir das 18:30 horas, durante un serán no que os lectores e lectoras poderán compartir tempo cos autores. A Gala contará coa actuación de **Áureas**, un proxecto de música e teatro no que as intérpretes son músicas e actrices interpretando personaxes de ficción. Este conxunto internacional realiza un concerto-espectáculo no que se representa unha charanga de mulleres ambientada nos anos 20. A entrada ao evento será libre até completar o aforo.

[Cultura](#) • 13/05/2016 • Autor: Redacción

As directivas das organizacións convocantes, previa votación dos seus asociados e asociadas, fixeron

chegar a listaxe de finalistas nas once primeiras modalidades a un xurado externo, que nomeado de común acordo polas Xuntas Directivas da AELG, AGE e Federación de Librarías, formado por sete persoas, quen se encargarán de fallar estes galardóns. O premio ao Escritor Galego Universal será concedido pola directiva da AELG, que xa decidiu outorgarlllo a Pere Gimferrer, o Honorífico á librería será concedido pola directiva da Federación de Librarías e o Honorífico á editora corresponderá á directiva da AGE.

A seguir reproducimos a listaxe de Obras finalistas do Premios Gala do Libro Galego 2016:

Ensaio

§ Carlos Maside. Correspondencia [1928-1958]. Cartas inéditas e dispersas, María Esther Rodríguez Losada (comp.) e Anxo Tarrío Varela (edic.). Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago

§ Historia da literatura infantil e xuvenil galega, Blanca-Ana Roig (coordinadora). Xerais

§ No tempo de Follas Novas: unha viaxe pola literatura universal, María Pilar García Negro (edit.). Alvarellos Editora

§ Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas, VV. AA. Apiario

Narrativa

§ Os elefantes de Sokúrov, de Antón Riveiro Coello. Galaxia

§ Cabalos e lobos, de Fran P. Lorenzo. Xerais

§ Izan o da saca, de Xabier Quiroga. Xerais

§ ...E os domingos, un croissant, de Úrsula Heinze. Alvarellos Editora

§ O último día de Terranova, de Manuel Rivas. Xerais

Literatura infantil e xuvenil

§ O home que sabía voar, de Xabier López López (ilustracións de Jacobo Muñiz). Tambre

§ O meu pesadelo favorito, de María Solar (ilustracións de María Lires). Galaxia

§ Teño uns pés perfectos, de María Solar. Kalandraka

§ Todos os soños, de Xavier Estévez (ilustracións de Marcos Viso). Tambre

Libro ilustrado

§ Balea, de Federico Fernández e Germán González. Kalandraka

§ Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky, de Xosé Cobas (texto de José Antonio Abad Varela). Kalandraka

§ Lendo lendas, digo versos, de Xosé Cobas (texto de Antonio G. Teijeiro e A. Reigosa). Xerais

§ O home que sabía voar, de Jacobo Muñiz (texto de Xabier López López). Tambre

Iniciativa bibliográfica

§ Cociña II, de André Arzúa, (fotografía e deseño de Alberte Sánchez Regueiro). Servizos Hosteleiros Arzúa S.L.

§ Lendo lendas, digo versos, de Antonio G. Teijeiro e Antonio Reigosa (ilustracións de Xosé Cobas). Xerais

Tradución

§ A utilidade do inútil, de Nuccio Ordine, tradución de Carlos Acevedo, Faktoría K

§ Astérix. O papiro do César, de René Goscinny, Albert Uderzo, Jean-Yves Ferri e Didier Conrad, (trad. de Xavier Senín e Isabel Soto), Xerais

§ Aventuras de Alicia no País das Marabillas (Lewis Carroll), en tradución de Xavier Queipo. El Patito Editorial

§ Mocidade (Joseph Conrad), en tradución de Alejandro Tobar. Hugin e Munin

Poesía

§ 6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca, Suso Díaz e Helena Villar Janeiro (coords.). Biblos Clube de Lectores

§ A boca da terra, de Manuel Rivas. Xerais

§ Abrindo fiestras en carne viva, de Carlos López. Alvarellos Editora

§ Dez anos na porta. Antoloxía poética 2005-2015, VV. AA. (A Porta Verde do Sétimo Andar). A Porta Verde do Sétimo Andar

§ oso, mamá, si?, de María Lado. Xerais

§ Zonas de tránsito, de Ramón Neto. Sotelo Blanco

Teatro

§ Raclette, de Santiago Cortegoso. Xerais

§ Ela, piedade dos suicidas, de Xavier Lama. Baía Edicións

§ Xogando con gatos, de Antón Cortizas. Xerais

Iniciativa cultural ou de fomento da lectura

§ Culturgal

§ Espazo Lectura (Gondomar)

§ Fundación Manuel María de Estudos Galegos

§ Praza dos Libros – Concello de Carballo

Proxecto literario na rede

§ Caderno da crítica, de Ramón Nicolás

§ Criticalia, de Armando Requeixo

§ Poétic@, de Fran Alonso

Xornalismo Cultural

§ Diario Cultural

§ Montse Dopico

§ Sermos Galiza

Comentarios: